

BANDO

ALCALDE DO CONCELLO DE FERROL

Co obxecto de facilitar a convivencia entre a veciñanza e usuarios e de conformidade coa lexislación vixente,

FAGO SABER

PRIMEIRO.- O dereito ao ocio e o dereito ao descanso dos veciños, moi a miúdo, colidan frontalmente polo que é necesario concilialos a prol da pacífica convivencia.

SEGUNDO.- Nos últimos meses, a rúa Pardo Baixo e o banco corrido da Alameda do Cantón foron destinatarios de graves problemas que alteraron a tranquilidade de veciños e veciñas, a pacífica convivencia e a seguridade cidadá. Conflitos de orde pública derivados das aglomeracións de persoas en relación co consumo de bebidas alcohólicas neses espazos públicos.

TERCEIRO.- Co obxecto de recuperar e manter a tranquilidade cidadá e a pacífica convivencia **NON ESTÁ PERMITIDO O CONSUMO DE BEBIDAS nas rúas Pardo Baixo e na Alameda do Cantón, agás nas terrazas debidamente autorizadas.**

CUARTO.- As infraccións a este bando serán sancionadas conforme co disposto na citada lei orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da Seguridade Cidadá e na Lei 11/2010, de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade en Galicia e subsidiariamente consonte á lexislación vixente en materia de réxime local.

Ferrol, 13 de febreiro do 2017

JORGE JUAN SUÁREZ FERNÁNDEZ